Tendo en conta que a saída profesional deste curso de posgrao é a de ser docente en Secundaria é polo que un bloque de contido centrarase exclusivamente no sistema educativo, co fin de introducir ao alumnado no universo da educación, prestando especial atención aos elementos que integran o sistema e ás súas funcións en relación coa acción educativa. En consecuencia considéranse os axentes socioeducativos e as súas responsabilidades pero tamén se presta especial atención a algunhas institucións fundamentais como o Estado ou as Comunidades Autónomas en tanto responsables da normativa educativa, responsables da redacción e desenvolvemento da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. A análise da situación actual complementase cunha breve perspectiva histórica, considerando os retos e desafíos de futuro (LOMCE □ Lei Orgánica de Mellora e Calidade da Educación).

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia

Resultados de
Formación e
Aprendizaxe

Contidos

Tema

Bloque temático 1. O universo educativo: concepto de educación. Os escenarios educativos (Educación Formal, Non Formal e Informal).	1.1. Concepto de educación: características xerais e diferenciadoras. 1.2. Clarificación terminolóxica. 1.3. Dimensións e piares da educación. 1.4. Os escenarios educativos: educación formal, non formal e informal. 1.5. Da escola tradicional ás escolas renovadas.
---	---

Bloque temático 2. O sistema educativo. Os axentes socioeducativos (educadores, estudantes, familia) e a súa evolución.	2.1. O sistema educativo español. Análise histórica. LOXSE, LOCE, LOE, LOMCE. LOMLOE 2.2. A estrutura do sistema educativo despois da LOE. Ensinanzas obrigatorias e posobrigatorias. A Educación Secundaria e o Bacharelato. A Formación Profesional. As Ensinanzas de Idiomas. 2.3. Institucións e axentes no sistema educativo. O rol do Estado e o rol das Comunidades Autónomas. Os centros educativos. Profesorado e alumnado. As familias. As asociacións escolares.
Bloque temático 3. A Educación en Valores.	3.1. Marco conceptual da Educación en Valores e Actitudes. Hacia unha convivencia pacífica. 3.2. Metodoloxía i estratexias didácticas ante os valores e as actitudes. 3.3. Avaliación de valores e actitudes. Plans de Convivencia no Estado Español 3.4. Actitudes do profesorado ante os valores controvertidos. 3.5. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a Declaración dos Dereitos da Infancia: contexto de actuación para a Educación en Valores e Actitudes.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	10	15	25
Resolución de problemas de forma autónoma	6	12	18
Prácticas con apoio das TIC	0	14.5	14.5
Lección maxistral	12	18	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Os traballos de aula versarán sobre unha temática previamente aportada polo profesor e relacionada coas temáticas dos bloques de contido.
Resolución de problemas de forma autónoma	O profesor ofertará ó alumnado unha escolmna de textos. O alumno pola súa banda elixirá entre os textos ofertados. Consistirá nun análise crítico-reflexivo relacionado con as temáticas traballadas dentro dos contidos. Asimismo dentro da resolución de problemas e/ou exercicios abordarase a visualización de vídeos susceptibles de enriquecer a materia e completetaria á información e os contados que se desenvolvan nas clases.
Prácticas con apoio das TIC	Os alumnos pola súa banda, coa oportuna orientación do profesor, afondarán en cuestións concretas que non foran abordadas máis que dun xeito moi xenérico na exposición deste e que sexan susceptibles de tratamento de estudio recorriendo ós soportes documentais e bibliográficos pertinentes. O alumno realizará procuras documentais e bibliográficas para a maior comprensión dos bloques de contido. Neste sentido, apoiarase nas fontes e bases de datos especializadas tanto da biblioteca da nosa universidade como doutras fontes atopadas a través de internet.
Lección maxistral	As leccións que conforman o temario desta materia serán elaborados e presentados de maneira expositiva ó grupo de clase polo profesor. O profesor centrará a súa exposición, preferentemente, nos aspectos nucleares de cada unidade didáctica, procurando ofrecer de maneira condensada a información esencial que posibilite obter unha visión panorámica ou de síntese de cada tema, delimitando os conceptos, as ideas e os argumentos nel implicados e imbricándose cos demais do programa a fin de lograr unha integración dos módulos de contido e dos aspectos estruturais que conforman o corpus cognitivo da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A atención personalizada ten por obxectivo facer o seguimento da evolución do alumno e apoiar o seu traballo dentro da asignatura. O profesor abordará aqueles aspectos que precisen de reforzo, asesoramente e guía para que o alumno acade os obxectivos marcados para esta materia.
Traballo tutelado	A atención personalizada ten por obxectivo facer o seguimento da evolución do alumno e apoiar o seu traballo dentro da asignatura. O profesor abordará aqueles aspectos que precisen de reforzo, asesoramente e guía para que o alumno acade os obxectivos marcados para esta materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Estes traballos versarán sobre unha temática previamente aportada polo profesor e consensuada co alumno/a e relacionada coas temáticas dos bloques de contido.	30	

Resolución de problemas de forma autónoma	O profesor ofertará ó alumnado unha escolmna de textos. O alumno pola súa banda elixirá entre os textos ofertados. Consistirá nun análise crítico-reflexivo relacionado con as temáticas traballadas dentro dos contidos. Asimismo dentro da resolución de problemas e/ou exercicios abordarase a visualización de vídeos susceptibles de enriquecer a materia e complementaria á información e os contados que se desenvolvan nas clases.	30
Lección maxistral	As leccións que conforman o temario desta materia serán elaborados e presentados de maneira expositiva ó grupo de clase polo profesor. O profesor centrará a súa exposición, preferentemente, nos aspectos nucleares de cada unidade didáctica, procurando ofrecer de maneira condensada a información esencial que posibilite obter unha visión panorámica ou de síntese de cada tema, delimitando os conceptos, as ideas e os argumentos nel implicados e imbricándose cos demais do programa a fin de lograr unha integración dos módulos de contido e dos aspectos estruturais que conforman o corpus cognitivo da materia.	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

A asistencia ao Seminario é obrigatoria. A avaliación global da materia resultará da integración das distintas notas da avaliación continua. O alumnado deberá ter superado o 50% da materia para poder obter unha cualificación positiva. O alumnado que non realice todas as actividades de avaliación obterá unha cualificación final de SUSPENSO. Na avaliación de segunda oportunidade avaliarase mediante un único exercicio escrito sobre os contidos da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

DELORS, J., **La educación encierra un tesoro**, Santillana, 1996

PUIG, J. M^a et al., **Aprendizaje servicio: educar para la ciudadanía**, Octaedro, 2007

SARRAMONA, J., **Teoría de la educación. Reflexión y normativa pedagógica**, Ariel Educación, 2000

CARREÑO, M (edit.), **Teorías e Instituciones contemporáneas de educación**, Síntesis Educación, 2000

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS**Innovación e Investigación na Ensinanza Secundaria: Música e Debuxo**

Materia	Innovación e Investigación na Ensinanza Secundaria: Música e Debuxo			
Código	P02M066V12241			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Arte e Debuxo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais Escultura Pintura			
Coordinador/a	García González, Silvia			
Profesorado	Costa Vázquez, Luís García González, Silvia Gradín Carbajal, Cristian Enrique			
Correo-e	silviagarcia@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Introdución á innovación nas ensinanzas artísticas: novos métodos de investigación, interrelación entre as artes, educación emocional e outras abordaxes. Presentando ferramentas desde o debuxo, a música e a expresión corporal para unha transformación educacional.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
B3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.			
B4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.			
B6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.			
B7	Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable.			
B17	Desenvolver hábitos e actitudes para aprender a aprender ao longo do seu posterior desenvolvemento profesional.			
B18	Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidos.			
C4	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.			
C21	Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.			
C22	Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.			
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.			
D2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.			
D3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Crear proxectos de investigación na docencia das artes aplicando procesos de innovación	B3 B4 B6 B7 B18 C4 C21 C22 D1 D2
Analizar a realidade socioeducativa das aulas para adaptar o proxecto docente as necesidades específicas do estudantado	B17 B18 C21 C22 D3

Contidos

Tema	
Innovación nas ensinanzas artísticas	Novos métodos de investigación Interrelación entre as artes Educación emocional e outras abordaxes
Ferramentas creativas desde o debuxo, a música e a expresión corporal	Propostas para a innovación na ensinanza
A expresión plástica e musical como ferramenta de comunicación para unha transformación educacional	Perspectivas actuais na Innovación e Investigación das artes na ensinanza en Secundaria

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	10	35	45
Seminario	10	35	45
Obradoiro	10	30	40
Actividades introdutorias	0	20	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O/a estudante, de maneira individual, elabora un documento sobre a temática da materia para preparar o enfoque dun proxecto de investigación educativa en artes.
Seminario	Actividades enfocadas ao trabao sobre un tema específico que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento ás clases teóricas.
Obradoiro	Actividades enfocadas á adquisición de coñecementos e habilidades sobre una temática concreta, coa asistencia específica por parte do/a profesor/a ás actividades individuais e/ou grupais que desenvolven os/as estudantes.
Actividades introdutorias	Actividades encaminadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Realizarase un seguimento do proxecto a desenvolver polo/a alumno/a tanto nas clases como a través de titorías que poden realizarse de forma presencial ou por medio telemáticos baixo a modalidade de concertación previa.
Seminario	Realizarase un seguimento do proxecto a desenvolver polo/a alumno/a tanto nas clases como a través de titorías que poden realizarse de forma presencial ou por medio telemáticos baixo a modalidade de concertación previa.
Obradoiro	Realizarase un seguimento do proxecto a desenvolver polo/a alumno/a tanto nas clases como a través de titorías que poden realizarse de forma presencial ou por medio telemáticos baixo a modalidade de concertación previa.

Avaliación

Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tuteladoElaboración dos traballos escritos onde se reflicta a aprendizaxe adquirida	40	B3 B4 B6 C22 D3
Seminario Valorarase a participación activa nos seminarios, debates e propostas feitas ao alumnado.	20	B3 B4 B7 B18 C21 D3
Obradoiro Actividades e exercicios realizados na aula de xeito individual ou en grupo.	40	B18 C4 D1 D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para o alumnado que siga a avaliación continua:

O alumnado que siga a avaliación continua terá que entregar todos o traballos, exercicios e probas para poder ser avaliado nesta modalidade, así como cumprir coa asistencia obrigatoria (só se pode faltar o 20% das horas).

Os traballos entregaranse na aula e subiranse á plataforma (Moovi) segundo o calendario que se estableza.

Aquel alumnado que non supere algunha das probas ou actividades que son obxecto de avaliación poderá recuperalas na convocatoria de xullo.

Avaliación global

No caso dos alumnos que soliciten a Avaliación Global (as condicións para esas solicitudes serán detalladas polo mestrado), As entregas dos exercicios serán entregadas según o calendario establecido polo mestrado (recoméndase contactar con cada un dos profesores que imparten docencia na materia).

SEGUNDA CONVOCATORIA

No caso do alumnado que aínda asistindo regularmente a clase e realizando as entregas parciais non logren superar a materia deberá presentar na segunda convocatoria so aqueles traballos ou exercicios nos que non alcanzasen a nota mínima de 5.

As tutorías realizaranse tanto de forma presencial como por medios telemáticos (despacho virtual / campus remoto) baixo a modalidade de concertación previa.

As datas de exames pódense consultar na web do mestrado <http://mpe.uvigo.es/gl/docencia/exames/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Blaxter, L., Hughes C. & Tight, M., **Cómo se investiga**, Graó, 2008

D. Efland, A., Freedman, K. & Stuhr, P., **La educación en el arte posmoderno**, Paidós Arte y Educación, 2003

Small, C., **Música. Sociedad. Educación**, Alianza editora, 1989

Jenny, P., **Técnicas de dibujo**, Editorial GG, 2013

Bibliografía Complementaria

Eisner, E.W., **Educar la visión artística**, Paidós, 1995

Eisner, E., **El ojo ilustrado. Indagación cualitativa y mejora de la práctica educativa**, Paidós, 1998

Elliott, J., **La investigación- acción en educación**, Paidós, 1977

Gardner, H., **Educación artística y desarrollo humano**, Barcelona. Paidós, Paidós, 1994

Kaprow, A., **La educación del des-artista.**, Ardora, 2007

Laferrière, G., **Prácticas creativas para una enseñanza dinámica. La dramatización como herramienta didáctica y pedagógica.**, Ñaque ed., 2001

Marín, R. (ED.), **Educación en Investigación Artística.**, Universidad de Granada, Universidad de Sevilla, 2005

Martínez, L. M^a, Gutiérrez,CR. & Escaño C. (coord.), **Nuevas propuestas de acción en Educación Artística**, Universidad de Málaga, 2008

Schafer, M., **El nuevo paisaje sonoro**, Ricordi americana, 1969

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

DATOS IDENTIFICATIVOS**Complementos para a Ensinanza do Debuxo**

Materia	Complementos para a Ensinanza do Debuxo			
Código	P02M066V12242			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Arte e Debuxo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	8	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Ezquieta Llamas, Iciar			
Profesorado	Ezquieta Llamas, Iciar			
Correo-e	iciarezquieta@uvigo.es			

Web

Descrición xeral Complementos para a Ensinanza das Artes e unha materia transversal que ofrece unha revisión dos contidos abordados ao longo do Mestrado de Educación Secundaria, a través da óptica, da práctica docente e do achegamento a o traballo de profesionais da ensinanza, que exercen en distintos niveis educativos, nos que esta presente a ensinanza das Artes.

A materia pretende dar a coñecer exemplos da posta en práctica dos currículos de Artes, Debuxo Técnico ou Educación Plástica a través de traballos e exercicios reais de clase, poñendo en relación os contidos de ditas materias con propostas e metodoloxías concretas de traballo.

Finalmente, Complementos para a Ensinanza das Artes aborda unha serie de contidos que son necesarios para o exercicio da docencia, pero que tenden a ser esquecidos ou relegados no desenvolvemento da carreira de Belas Artes, como poden ser o Debuxo Técnico, as aplicacións pedagóxicas das distintas técnicas artísticas ou o conxunto de ferramentas informáticas de autor, que habitualmente utilízase na creación de recursos educativos.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B1	Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.
B2	Coñecer o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procesos de ensino e aprendizaxe respectivos.
B10	Deseñar e realizar actividades formais e non formais que contribúan a facer do centro un lugar de participación e cultura na contorna no que está situado.
B14	Coñecer e analizar as características históricas da profesión docente, a súa situación actual, perspectivas e interrelación coa realidade social de cada época.
C1	Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.
C2	Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe.
C3	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
C4	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
C5	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.
C8	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
C9	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
D2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
D3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Relacionar os contidos dos DCB con propostas concretas de traballo.	B1
Relacionar as etapas de desenvolvemento dos adolescentes coas actividades a desenvolver na aula.	B2 C1 C2 C4
Coñecer as dinámicas de traballo na ESO, no Bacharelato e nos Ciclos de Formación Profesional.	B2 B10 B14 C1 C2 C4 C5 C9
Coñecer o traballo de distintos profesionais da ensinanza no eido da Plástica, as Artes e o Debuxo dende a súa experiencia.	B2 B10 B14 C5 C8 C9
Manexar diferentes ferramentas para a creación de presentacións e recursos educativos propios.	B1 B2 C3 C4 D2
Desenvolver habilidades para falar en público.	B2
Analizar e experimentar formas de ensino-aprendizaxe nos novos escenarios culturais.	B2 B10 C2 C3 C4 C5
Utilizar as plataformas web apropiadas para compartir, intercambiar e almacenar os distintos tipos de arquivos.	B2 D3
Utilizar ferramentas 2.0 como soporte para a educación e o aprendizaxe a distancia.	B2 C3 C5 D1 D3
Traballar en equipa.	B2 C8 D3
Crear redes de aprendizaxe informal que sirvan de complemento e soporte ao aprendizaxe formal.	B2 B10 C2 C3 C4 C5 C8 D3

Contidos

Tema	
Adecuación das artes plásticas os novos medios dixitais.	Estratexias e metodoloxías na didáctica do debuxo. Creación de ferramentas para traballar no eido das artes dende unha perspectiva actual.

Interacción linguaxe visual, artes plásticas e comunicación.

Contidos curriculares da educación artística para a elaboración de materias didácticos.

Actividades plásticas e recursos

O libro como obxecto: concepto e formalización.

Factores que interveñen no proceso creativo. Experimentación y estratexias gráficas.

Ferramentas dixitais e comunicación.

Repercusións educativas na sociedade actual. A obra de arte no seu contexto.

Arte contemporáneo, museo e educación. Contextos non formais para a educación artística.

Transferencia de coñecemento erudito ó coñecemento escolar. O/a artista-docente como axente educador. das clases maxistras ás clases interactivas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	25	35
Traballo tutelado	7	25	32
Debate	2	0	2
Prácticas con apoio das TIC	5	20	25
Presentación	3	15	18
Cartafol/dossier	0	40	40
Seminario	5	10	15
Aprendizaxe colaborativa	8	25	33

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Desenvolvemento dos temas e contidos da materia a través de explicacións apoiadas mediante exemplos e imaxes.
Traballo tutelado	Exercicios e prácticas guiadas con recursos educativos, materiais e técnicas propias da ensinanza das Artes, do Debuxo ou da Educación Plástica.
Debate	Posta en común e reflexión sobre os temas e contidos desenvolto durante as sesións teóricas e prácticas.
Prácticas con apoio das TIC	Prácticas na creación de recursos educativos a través de aplicacións online, gratuítas ou libres.
Presentación	Presentacións, exposicións públicas e prácticas.
Cartafol/dossier	Recompilación do traballo do/a estudante co obxectivo de amosar o traballo realizado na creación do material didáctico, onde se recollen os progresos e logros. A recompilación debe incluír contidos elixidos polo alumno/a, os criterios de selección e evidencias de autorreflexión.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar contidos da materia.
Aprendizaxe colaborativa	Procedementos de ensino que parten da organización da clase en pequenos grupos mixtos e heteroxéneos onde o alumnado traballa de forma coordinada entre si para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa propia aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Resolución de dúbidas e seguemento do traballo.
Traballo tutelado	Sesións de tutorización Realizaranse por medios telemáticos baixo a modalidade de concertación previa. Cando o desenvolvemento das clases o permita a atención persoalizada farase de xeito presencial, poñendo en común dúbidas, correccións e fomentando a comunicación.
Prácticas con apoio das TIC	Execución de prácticas a través das TIC. Sesións de tutorización Realizaranse por medios telemáticos baixo a modalidade de concertación previa. Cando o desenvolvemento das clases o permita a atención persoalizada farase de xeito presencial, poñendo en común dúbidas, correccións e fomentando a comunicación.

Cartafol/dossier	As sesións de tutorización realizaranse por medios telemáticos , baixo a modalidade de concertación previa. Cando o desenvolvemento das clases o permita a atención persoalizada farase de xeito presencial, poñendo en común dúbidas, correccións e fomentando a comunicación.
------------------	---

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lección maxistral	Os coñecementos adquiridos nas sesións maxistras reflectiranse no traballo desenvolvido polo alumnado.	10	B1 B2	C5	
Traballo tutelado	Traballo no que o/a alumno/a ou un grupo de alumnos/as diseña e elabora materias didácticas para a ensinanza das artes en relación ao curriculum. Traballo colaborativo	30	B1 B2 B10 B14	C1 C2 C3 C4 C5 C8 C9	D1 D2 D3
Debate	Percepción atenta, racional, comportamento do alumnado, ante o desenvolvemento das competencias comunicativas e expositivas.	5	B1 B2 B10 B14	C1 C2 C3 C4 C5 C8 C9	
Prácticas con apoio das TIC	creación de recursos educativos, farase entrega dos recursos elaborados durante as clases, terase en conta a realización de consultas sobre as dificultades atopadas no traballo autónomo.	10	B2 B10	C3	D2
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.	15	B1	C2 C3 C4 C8	D1 D2 D3
Cartafol/dossier	Documento no que o/a alumno/a analiza o traballo realizado para a consecución do material didáctico, reflexiona sobre a efectividade do prototipo deseñado e autoavalía a aprendizaxe adquirida. Valóranse a estrutura e claridade do documento, o nivel de profundización nos contidos tratados e a capacidade de relacionalos coa súa aprendizaxe.	20	B1	C1 C2 C3 C4 C9	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que siga a avaliación continua terá que entregar todos o traballos, exercicios e probas para ser avaliado nesta modalidade, así como cumprir coa asistencia obrigatoria.

Para superar a materia será necesario obter unha media de 5 calculando as porcentaxes detalladas en cada un dos bloques de

avaliación. É imprescindible ter un 4 como nota mínima en cada un dos bloques para que se proceda a calcular a nota media.

Os alumnos/as que non tiveran asistido ou non cubran a porcentaxe obrigatoria de asistencia durante o curso académico ordinario, deberán superar una proba de contidos teóricos que lles dará dereito á valoración do resto de entregas.

De non ter superada a materia en primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na segunda convocatoria.

O alumnado que opte pola modalidade non presencial, (avaliación global) deberá superar unha proba/ traballo escrita de contidos mínimos teóricos que lle dará dereito á valoración do resto de entregas. Para coñecer o detalle dos contidos e avaliación das entregas terán que contactar, ao inicio da materia, co profesorado responsable concertando tutorías.

Segunda convocatoria

No caso de alumnos/as, que aínda asistindo regularmente a clase e presentando as entregas parciais puntualmente non logren

superar a materia, deberán presentar na segunda convocatoria so aquelas entregas nas que non alcanzasen a nota mínima de 5. As notas das partes aprobadas conservaráselles durante unha convocatoria, igualmente se procederá coas probas cos alumnos/as que presentándose a avaliación global en 1ªconvocatoria non teñan superado a materia.

As datas de exames pódense consultar na web do mestrado <http://mpe.uvigo.es>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Ken Robinson, **Out of Our Minds: Learning to be Creative**, 2ª ed., Capstone Publishing Limited, 2011

Kaj Johansson, Peter Lundberg, Robert Ryberg, **Manual de producción gráfica, recetas**, Ed. Gustavo Gili, 2004

Bruno Munari, **Diseño y comunicación visual**, 2ª ed., Gustavo Gili, 2016

de la Calle, Ricard, **La mirada inquieta**, 1ª ed., Universitat de Valencia, 2011

Hernández, F, **Educación y cultura visual**, Octaedro, 2003

Aguirre, I., **Teoría y prácticas de la educación artística**, Octaedro, 2005

Trilla, J.; Gros, B.; López, F.; Martín, Mª. J, **la educación fuera de la escuela. Ámbitos no formales y educación social**, Ariel Educación, 2003

DONDIS, D.A, **La sintaxis de la imagen. Introducción al alfabeto visual**, 10ª ed, Gustavo Gili, 1992

WICK, Rainer, **Pedagogía de la Bauhaus**, Alianza, 2007

Hockney, David.; Gayford, Martin, **Una historia de las imágenes**, 1ª ed, Siruela, 2018

Munari, Bruno, **Fantasia**, 2ª ed, Gustavo Gili, 2018

VV.AA, **Dibujo: Artes Plásticas y Visuales. Complementos de formación disciplinar**, Graó, 2011

Martín Prada, J., **Prácticas artísticas e Internet en la época de las redes sociales**, Akal, 2015

Nancy, J, **El arte hoy**, Prometeo Libros, 2015

Martín Prada, J, **Otro tiempo para el arte. Cuestiones y comentarios sobre el arte actua**, sendemá, 2012

Recomendacións

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Estratexias Didácticas I: O Ensino/P02M066V12243

Estratexias Didácticas II: Autoavaliación, Crítica e Análise/P02M066V12244

Innovación e Investigación na Ensinanza Secundaria: Música e Debuxo/P02M066V12241

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario/P02M066V12102

Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos/P02M066V12103

Orientación e Función Titorial/P02M066V12101

Sistema Educativo e Educación en Valores/P02M066V12104

DATOS IDENTIFICATIVOS**Estratexias Didácticas I: O Ensino**

Materia	Estratexias Didácticas I: O Ensino			
Código	P02M066V12243			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Arte e Debuxo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Varela Casal, Cristina			
Profesorado	Varela Casal, Cristina			
Correo-e	cristinavarelacasal@uvigo.es			
Web	http://mpe.uvigo.es			
Descrición xeral	É imposible separar a acción creativa da acción educativa na formación de futuros profesionais dos ensinos das Artes; Educación visual e plástica na ESO, Artes plásticas e cultura audiovisual en Bacharelato.			
	<p>A intención desta materia é dotar ao alumnado de recursos e estratexias para a formación na área de plástica. Propoñemos facelo a través do ensaio con procedementos e técnicas artísticas e de deseño, estratexias educativas e coñecementos conceptuais. O obxectivo e abordar as estratexias para a acción educativa e a transmisión de contidos e xeitos de facer.</p> <p>Prodiciremos propostas e materiais para reflexionar a partir do proceso creativo propio, na aprendizaxe e na planificación das accións educativas no ambito das Artes, o deseño e a cultura visual.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B2	Coñecer o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procesos de ensino e aprendizaxe respectivos.
B3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
B4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.
B6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.
B8	Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por se mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais.
C3	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
C6	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
C8	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
C10	Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
C11	Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
D2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
D3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Capacitar un docente analítico, reflexivo e crítico no ámbito da Educación Artística.	B2 B4 C6 C10 C11 D2 D3
Valorar a capacidade artística (proceso creativo) como método de investigación e de coñecemento.	B3 B4 B8 D2
Coñecer os diferentes campos do /saber e facer/ que concorren na Educación Artística.	B2 B4 C6 C8 D1
Desenvolver a capacidade de comunicación verbal, (oral e escrita) para a transmisión de coñecementos.	B4 B6 C3 D1
Aplicar métodos, procedementos e técnicas da investigación e da práctica artística, á planificación e deseño de proxectos, de estratexias e recursos educativos.	B3 B4 B6 C3 D1 D2 D3

Contidos

Tema	
Traballo por proxectos e traballo colaborativo no contexto da plástica: novos linguaxes artísticos, novas metodoloxías docentes	. O proceso de creación artística: fases, estratexias, avaliación e relación co proceso de educación artística. . Interrelación de contidos histórico-conceptuais e a súa aplicación na aula . Reciclaxe de materiais para a creación . Transversalidade das técnicas de representación . creación de unidades didácticas específicas
Relación práctica entre o debuxo artístico e o técnico: a xeometría como ferramenta didáctica	. Xeometría . Debuxo artístico
O concepto creatividade	. Mitos sobre a creatividade . Definición de creatividade . O papel da imaxinación na creación . Pensamento converxente vs. pensamento diverxente . Teoría das intelixencias múltiples de Gardner

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	6	4	10
Lección maxistral	8	32	40
Obradoiro	8	36	44
Aprendizaxe baseado en proxectos	8	48	56

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia e por en marcha o traballo
Lección maxistral	Exposición de contidos relacionados coa materia Grupos de discusión, e debates sobre os contidos dos diferentes temas da materia.
Obradoiro	Adecuación concepto/proposta. Execución técnica adecuada de procedementos e experimentacións de carácter artístico, plástico, de deseño e visual específico

Aprendizaxe baseado en Planificación e elaboración de materiais y/o recursos didácticos específicos. Agrupación por proxectos determinar

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
